



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA EN GALICIA PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA FORMATIVO ITINERANTE EN COMPETENCIAS DIXITAIS, ORIENTADO A FOMENTAR O USO DA TECNOLOXÍA PRIORITARIAMENTE ENTRE O COLECTIVO DE PERSOAS MAIORES NO ÁMBITO RURAL GALEGO

Antecedentes

Segundo o artigo 9 do estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia aprobado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, a Amtega ten entre as súas competencias a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da Sociedade da información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

A Cruz Vermella Española en Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro que establece nos seus estatutos que o seu obxecto e finalidade é a promoción e colaboración en acción de benestar social e servizos asistenciais e sociais con especial atención a colectivos ou a persoas con dificultade para a súa integración social., en particular ás persoas dependentes e ás súas familias, e a protección e mellora do medio ambiente”, así como “O desenvolvemento de accións formativas encamiñadas á consecución dos anteriores fins”.

Razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos

A Amtega ten entre os seus obxectivos prioritarios, lograr un desenvolvemento efectivo da Sociedade da Información na Comunidade Autónoma de Galicia, promovendo aquelas accións que faciliten e impulsen a incorporación de toda a sociedade aos novos recursos tecnolóxicos da información e das comunicacións e a implicación dos cidadáns galegos na utilización das novas tecnoloxías como factor xerador de novas capacidades, de emprego e de desenvolvemento económico.

O 3 de decembro de 2020 o Consello da Xunta aprobou a Estratexia Galicia Dixital 2030, co obxectivo de configurar un futuro dixital para todos e todas, contribuíndo ao aumento da calidade de vida e ao desenvolvemento sostible nas súas tres vertentes: económica, social e medio ambiental.





O segundo dos eixos estratéxicos establecido na Estratexia Galicia Dixital 2030 persegue, en concreto, acadar unha sociedade dixital e inclusiva.

Neste sentido, a Amtega quere poñer en marcha actuacións que poñan especial atención en colectivos en risco de exclusión dixital por ser máis vulnerables á fenda dixital, buscando fomentar así a autonomía persoal, o envellecemento activo e a seguridade e confianza na rede mediante o uso das TIC, para vertebrar e cohesionar socialmente as contornas locais, e en especial as zonas rurais respecto ás urbanas.

O Convenio de Colaboración entre a Amtega e Cruz Vermella ten por obxecto a realización de actuacións de formación e capacitación dixital e acompañamento tecnolóxico dirixidas especialmente ao colectivo de persoas maiores de 55 anos sobre todo no ámbito rural galego para formalo na utilización da tecnoloxía e fomentar a súa independencia e autonomía.

Estas actividades previstas precisan da colaboración de Cruz Vermella por ser a entidade que conta tanto cos medios materiais e persoais axeitados para desenvolver ás actividades previstas, como cunha dilatada experiencia na formación TIC enfocada nun programa de actividades formativas e de acompañamento tecnolóxico definido para atender as necesidades reais das persoas maiores e testado con moi bos resultados o que permite a calquera maior, independentemente do seu lugar de residencia, poida ter as mesmas oportunidades, ou moi parecidas, daqueles que residen nas grandes cidades.

Así mesmo Cruz Vermella conta con 49 asembleas locais repartidas por toda Galicia e unha rede da que forman parte en Galicia 21.802 persoas voluntarias e 70.953 socios e socias (segundo datos de febreiro 2023), o que lle permite contar con recursos e unha rede por todo o territorio galego, sendo a única entidade que reúne ditas características.

Do mesmo xeito desenvolve programas específicos para maiores na área de sociedade dixital, tales como "enred@ndo tour", Enred@te, rede social para persoas maiores", e programas de envellecemento activo o que a fan idónea para o desenvolvemento desta iniciativa.

Cruz vermella desenvolve numerosos programas de integración social, de asistencia e de formación, entre outros e conta coa experiencia e medios para levarlos a cabo e coñece de primeira man as necesidades das persoas maiores.

Por todo o exposto Cruz Vermella é por tanto a entidade de referencia galega, para levar a cabo os obxectivos do Convenio, existindo unha correspondencia entre os obxectivos de Cruz Vermella e os que constitúen o obxecto do presente convenio.





En relación co réxime xeral de garantías, ao tratarse dunha entidade sen ánimo de lucro que ten por obxecto e finalidade a promoción e colaboración en acción de benestar social e servizos asistenciais e sociais con especial atención a colectivos ou a persoas con dificultade para a súa integración social é de aplicación o artigo 65.4 h) do Decreto 11/2009, no que se establece a **exoneración da constitución da garantía** a entidades non lucrativas, así como as federacións, confederacións ou agrupacións destas, que desenvolvan proxectos ou programas de acción social ou cooperación internacional.

As actuacións que se desenvolverán en base a este Convenio de Colaboración son as seguintes:

1. **Deseño e execución dun plan de actividades de capacitación dixital e acompañamento tecnolóxico a través dun servizo de aula itinerante.** Este programa de actuacións estará dirixido prioritariamente a persoas maiores de 55 anos e replicarase en 20 localidades durante a vixencia deste convenio por medio dunha unidade móbil itinerante que se desprazará a determinadas entidades locais. Na medida do posible, tratarase de levar a cabo un reparto homoxéneo que contribúa a cohesión territorial. Cruz Vermella e Amtega elaborarán en consenso unha planificación das actividades incluíndo datas e localidades, que terá que ser validada pola Amtega.
2. **Realización de actividades de capacitación e acompañamento tecnolóxico que se desenvolverán mediante tres vertentes:**
 - **Demostrador de tecnoloxías:** tecnoloxías innovadoras e presentes no día a día das persoas: realidade virtual, asistentes virtuais, sistema de intelixencia artificial (IA) etc. O demostrador estará desenvolvido por persoal de Cruz Vermella, e voluntariado da entidade. Realizaranse como máximo 80 horas de demostración nos Concellos.
 - **Obradoiros:** dirixidos a sensibilizar, informar e achegar a tecnoloxía ás persoas destinatarias do programa: ciberseguridade, IA, electrodomésticos intelixentes etc. O contido dos obradoiros, un por localidade, será previamente acordado co Concello correspondente. Ofrecerase aos Concellos unha listaxe de obradoiros, aprobados previamente pola Amtega. Os obradoiros poderán estar desenvolvidos por persoal de entidades, asociacións etc. que colaboren habitualmente con Cruz Vermella nos programas de capacitación dixital ou outros programas de interese da entidade. Realizaranse como máximo 30 horas de obradoiros no total de Concellos (1,5 horas por sesión).
 - **Apoio dixital puntual:** realizarase en paralelo ás sesións de "Demostrador de tecnoloxías" e "Obradoiros", e ten como obxectivo acompañar ás persoas con 55 e máis anos nas dúbidas e





cuestións puntuais que poidan ter en relación co eido dixital. Realizaranse 100 horas de apoio dixital nos Concellos. O apoio dixital será unha actividade paralela ás actividades principais realizadas, facilitando ademais a achega das persoas potencialmente participantes no programa.

Adicionalmente, realizarase un evento de inauguración ou de clausura da iniciativa nun dos Concellos previamente seleccionados.

A achega económica da Amtega ao abeiro do presente convenio ten un carácter de interese público, de acordo co artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia, porque contribuirá a:

- Desenvolver plans de formación que fomenten a adquisición de competencias dixitais por parte da cidadanía.
- Resolver a problemática identificada entre o colectivo das persoas maiores en canto ao emprego dun modo independente da tecnoloxía para as súas necesidades cotiás.
- Fomentar a autonomía das persoas maiores, con foco no rural e nas persoas en situación de maior vulnerabilidade dentro deste colectivo, apoiándoas e acompañándoas no coñecemento das funcionalidades e servizos que a sociedade dixital pon ao seu alcance, promovendo así a súa autonomía, independencia e o envellecemento activo.
- Difundir e divulgar as vantaxes de contar con competencias dixitais no actual contexto de transformación dixital.
- Incorporar a accesibilidade como condición indispensable das actuacións.
- Incrementar os contidos divulgativos en galego en Internet.

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia financiará as accións deste convenio, ata un máximo de TRINTA MIL EUROS (30.000,00 €) con cargo á partida orzamentaria 10.A1.571A.781.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

O xerente da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

José Luis Somoza Digón

